

EXPTE NÚM.: 2022/G010/000001

DECRETO: 38/2022

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: xoves 10 de febreiro de 2022

Hora: 20:00

Lugar: CASA DO CONCELLO

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.
2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 4º TRIMESTRE 2021.
3. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2022 PARA OS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022.
5. SOLICITUDE PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2022.
6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ROIS E DODRO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO "MELLORA DO CAMIÑO DE ACCESO Á

CHISCA" AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2021 DE VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO.

C) MOCIÓNS:

- 7. MOCIÓN DO PP DESAFECTACIÓN CEMITERIOS.
- 8. MOCIÓNS DE URXENCIA.

D) CONTROL DO GOBERNO

- 9. ROGOS E PREGUNTAS

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, informándolle de que están á súa disposición os antecedentes dos asuntos a tratar na sede electrónica do Concello www.sede.dodro.gal no apartado "Portal de cargos electos".

Dodro, luns 7 de febreiro de 2022

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria- interventora, que da fe.